

DECRETO NÚMERO 12000502

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa do Concello (Praza Maior, 1) o vindeiro **mércores**, día **1 de febreiro**, ás **NOVE E MEDIA DA MAÑÁ**, de acordo coa orde do día confeccionada para o efecto, o que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e orde do día e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión o Secretario Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Lugo, 30 de xaneiro de 2012
O ALCALDE,

Asdo.: José Clemente López Orozco